



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 26 de xullo de 2016.

HORA DE COMEZO: 19:09 h.

HORA DE REMATE: 20:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTE: D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 11 DE XULLO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 11 de xullo de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal



Concello de Cangas

de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
A.G.N.	Avda. de Marín, nº 27-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 635, concedido en X.G.L. do día 11.05.2007 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

2.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA)

Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

1.- M.L.F.C., para repintado de liñas amarelas nas entradas sitas en rúa David Cal, nº 11-O Hío, pola existencia de dous sinais de pasaxe permanente no referido lugar.

2.C) SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ESPELLO EN BOUZA VELLA-NERGA

Examinada a solicitude presentada o día 19.07.2016 por M.P.N., na que demanda a instalación de espello á altura do nº 13 de Bouza Vella en Nerga-O Hío, pola falla de visibilidade para incorporarse á estrada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido o día 22.07.2016 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar ao Sr. P. N. para a instalación de espello á altura do nº 13 de Bouza Vella en Nerga-O Hío.

SEGUNDO.- Será por parte do interesado a colocación do referido espello por tratarse de uso particular.

2.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA AVENIDA DE VIGO (EDIFICIO MAPFRE)

Dase conta de informe da Policía Local emitido o día 20.07.2016, referente a sinalización na Avenida de Vigo (edificio MAPFRE), que é como segue:



Concello de Cangas

"Nº 1354/2016

ASUNTO: SINALIZACIÓN NA AVDA. DE VIGO (EDF. MAPFRE)

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por A.F.P., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 150-3ºA-Cangas, na que comunica que teñen dificultades para saír do garaxe, xa que os colectores restan visibilidade, polo que informamos:

Que presentados no lugar puidose comprobar que os colectores do lixo non molestan xa que hai dous metros desde estes ata a marca vial (liña do bordo).

O que se podería facer é pintar un raiado pola parte dianteira dos colectores prohibindo o estacionamento.

Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar o pintado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local.

3º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

3.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a seguinte solicitude de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), debendo o solicitante ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR E.D.B.S., en representación de "RESTAURACIÓN Y PROMOCIÓN, EBS", con CIF B-94141058 (TAPERÍA "LEMBRANZA"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Retrama nunha superficie de 16,00 m2., e na Avda. Eugenio Sequeiros de 56,00 m2., desde o 1 de agosto ao 30 de setembro do ano que andamos.



Concello de Cangas

Denégase a solicitude de ocupación de vía pública en Rúa Nova por non ter o ancho suficiente, de conformidade coas especificacións definidas na vixente Ordenanza municipal de ocupación de vía pública.

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).



Concello de Cangas

- K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.
- L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.
- M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.
- N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.
- Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

URBANISMO E PATRIMONIO

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 21 DE XULLO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.



Concello de Cangas

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.



Concello de Cangas

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.875.- C.C.P. E M.R.G., con enderezo en Castrillón, nº 14-B-Coiro, para no mesmo lugar, construción de piscina e cenador, de conformidade co proxecto básico do arquitecto A.U.R. con visado 26.05.2016.

EXPEDIENTE Nº 25.998.- X.X.S.P., con enderezo en rúa Aragón, nº 2-4ºI-Cangas, para en Camiño do Subrido-Pinténs-O Hío, construción de piscina exterior, de conformidade co proxecto básico do arquitecto J.M.I.P. con visado 03.06.2016.

4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.977.- A GAS GALICIA SDG, SA, para na Avda. de Ourense, nº 63, executar unha canalización de 5,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.979.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A., para en Rúa Atranco, nº 17-Cangas, executar unha canalización de 7,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.980.- A GAS GALICIA SDG SA, para en Rúa Baiona, nº 18-Cangas, executar unha canalización de 4,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.019.- A GAS GALICIA SDG SA, para no Espírito Santo, nº 4-Coiro, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Concello de Cangas

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.018.- A GAS GALICIA SDG SA, para na Avda. de Marín, nº 20-Cangas, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.



Concello de Cangas

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.978.- A GAS GALICIA SDG SA, para na Avda. da Coruña, nº 10-Darbo, executar unha canalización de 9,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



Concello de Cangas

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.031.- A GAS GALICIA SDG SA, para en Urbanización Airiños do Monte, nº 3-Darbo, executar unha canalización de 3,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei



Concello de Cangas

8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.003.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para en Baixada a Menduíña, executar 1,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248316030192, de data 12 de maio de 2016 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil trescentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (1.391,38 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.027.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., para en Rúa Gondarán, executar 0,2x1 metros de profundidade de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248316030194, de data 30 de maio de 2016 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil trescentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (1.391,38 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.029.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, para en rúa Fontepesada, executar 15,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248316030192, de data 1 de xuño e coas seguintes condicións:



Concello de Cangas

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil trescentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (1.391,38 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.932.- A D.B.F., para solera de formigón en Vilanova, nº 15-O Hío.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.981.- A M.G.M., para cerramento de parcelas en Rúa Campo de Fútbol, nº 19–Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.988.- A E.P.L., para muro de cerramento en Lavapés-O Igrexario.

EXPEDIENTE Nº 25.991.- A VEGO SUPERMERCADOS SAU, para adecuación de predio para aparcamento en Rúa As Xegadas.

EXPEDIENTE Nº 25.992.- A COMUNIDADE PROIETARIOS RIA A GUARDIA, para reparación fachadas principáis na rúa a Guardia, 8- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.00 6.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS SAN CRISTÓBAL, para reparación de fachadas na Avda. de Ourense, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.012.- A I.N.C., para cerramento lateral en Donón, nº 21-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.645.- A J.M.A., para cerramento de parcela en Arneles-O Hío.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONS DE SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta de proposta de data 22.07.2016 do presidente da Comisión de valoración de adxudicación provisional de subvencions de servizos sociais, que é como segue:

"PROPOSTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DE OUTORGAMENTO PROVISIONAL DE SUBVENCIONS

Reunida o 22 de xullo de 2016 ás 12:30 horas, a Comisión de valoración para a concesión de subvencions destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016, órgano designado como avaliador das solicitudes de conformidade co disposto na base 8 das bases da concesión de subvencions destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016, na sala de xuntas do Concello de Cangas, coa comparecencia de Xosé Manuel Pazos Varela, Tomás Hermelo Álvarez, Xoán C. Chillón Iglesias, E.G.G. e exercendo de secretaria Berta Alonso Soto.



Concello de Cangas

Visto que o día 8 de xuño foi publicado o extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 108, que fixo que a convocatoria adquirise plena eficacia e que abriu o prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles.

Realizada a avaliación das solicitudes de acordo co establecido na convocatoria da subvención, resulta a seguinte puntuación:

Nome	A1 Antigüidade	A2 Premios	A3 Participación 2015	B1 Recursos	B2 Coord. Concello	B3 Colabor. Outras entid.	B4 Colabor. Nivel Galego	B5 Adecuación	B6 Beneficiarias	B7 Duración 2016	C1 % subvec. Total	C2 % fondos Propios	Total
AECC	1	0	0	3	2	0	1	2	4	4	1	5	23
ADICAM	4	0	0	4	2	2	1	2	4	4	0	0	23
JUAN XXIII	4	0	0	4	2	0	1	2	4	4	0	0	21
AIRIÑO DE ALDÁN	4	0	0	2,5	2	0		2	4	4	0	3	21,5
VIDA DIGNA	2	0	0	3	2	2		2	4	4	3	5	27
DOA	3	0	0	3,5	2	0	1	2	2	4	3	5	25,5
CARIDADE S.Ap	4	0	0	5	2	0	0	2	4	4	5	5	31
AFAMO	4	0	0	2	2	0	1	2	4	4	3	5	27

Conforme e á puntuación outorgada e segundo o disposto na base 8.3, a contía económica correspondente a cada entidade solicitante, que en ningún caso poderá superar o 80% da cantidade solicitada, sería a seguinte:

Nome	Total	% de puntuación	Cantidade por méritos	Cantidade solicitada	Cantidade subvencionable 80%	Cantidade Concedida
AECC	23	11,56%	1.040,20 €	1.100,00 €	880,00 €	880,00 €
ADICAM	23	11,56%	1.040,20 €	5.683,95 €	4.547,16 €	1.040,20 €
JUAN XXIII	21	10,55%	949,75 €	2.881,49 €	2.305,19 €	949,75 €
AIRIÑO DE ALDÁN	21,5	10,80%	972,36 €	2.400,00 €	1.920,00 €	972,36 €
VIDA DIGNA	27	13,57%	1.221,11 €	1.500,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
DOA	25,5	12,81%	1.153,27 €	1.000,00 €	800,00 €	800,00 €
CARIDADE S.Ap	31	15,58%	1.402,01 €	3.000,00 €	2.400,00 €	1.402,01 €
AFAMO	27	13,57%	1.221,11 €	1.100,00 €	880,00 €	880,00 €

Visto o que antecede e consonte co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que subscribe formula a seguinte:



Concello de Cangas

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

PRIMEIRO.- Concederanse as subvencións en materia de desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016 ás solicitudes que figuran a continuación, polo importe que se indica e para a actividade que se sinala:

Nome	Puntuación total	Actividade	Cantidade concedida
AECC	23	Programa de atención Bio-Psico-Social e Prevención	880,00 €
ADICAM	23	Traballando pola sensibilización fronte ao cancro	1.040,20 €
JUAN XXIII	21	Parque biosaludable Juan XXIII	949,75 €
AIRIÑO DE ALDÁN	21,5	Realización de talleres	972,36 €
VIDA DIGNA	27	Bolsa de alimentos e roupeiro familiar	1.200,00 €
DOA	25,5	Cultivando saúde, a horta como terapia de rehabilitación psicosocial	800,00 €
CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	31	Comedor social	1.402,01 €
AFAMO	27	Apoio psicolóxico a familiares de enfermos de alzheimer en domicilio	880,00 €

SEGUNDO.- Notificar esta proposta de resolución aos solicitantes, concedéndolles un prazo de dez días para que poidan presentar as alegacións que consideren oportunas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do presidente da Comisión de valoración de adxudicación provisional de subvencións de servizos sociais.

7º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/APROBACIÓN DE BASES PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL NECESARIO PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS PARA O CURSO 2016/2017

Dase conta de proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a aprobación de bases para a contratación de persoal



Concello de Cangas

necesario para o funcionamento da aula de estimulación de nenos/nenas para o curso 2016/2017, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Desde a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade considérase necesario proceder a convocatoria do proceso selectivo conducente a contratación dun/dunha pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga, dun/dunha fisioterapeuta e dun/dunha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial que permitan dar continuidade ao servizo de 'Aula de Estimulación de Nenos/Nenas', estimando que éste é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial.

Atendendo á proposta mencionada a Xunta de Goberno Local aprobou iniciar o expediente de selección.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación dun/dunha pedagogo/a ou psicopedagogo/psicopedagoga, dun/dunha fisioterapeuta e dun/dunha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial, que estarán afectos ao servizo 'Aula de Estimulación de Nenos/Nenas'.

Bases que achegan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal na modalidade de obra ou servizo para o servizo 'Aula de Estimulación de Nenos/Nenas'.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas".

A N E X O

"BASES PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA PEDAGOGO/PEDAGOGA OU PSICOPEDAGOGO/PSICOPEDAGOGA, DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA E DUN/DUNHA MESTRE/MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA OU EDUCACIÓN ESPECIAL PARA O SERVIZO "AULA



Concello de Cangas

DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS" PARA O CURSO 2016/17

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade considera prioritario dar cobertura ás necesidades terapéuticas e asistenciais non cubertas ata agora polo Servizo Galego de Saúde e que se revelan absolutamente necesarias para o desenvolvemento e benestar dos usuarios da aula de estimulación.

A Lei de bases do Réxime local exclúe a prestación deste tipo de servizos da competencia municipal, se ben, no ámbito de Galicia, a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas de la entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, no seu artigo 3, non considera a prestación de novos servizos a continuidade dos servizos que se viñan prestando con anterioridade, de xeito que, malia que se trata de servizos sociais de competencia autonómica e que debería asumir esta administración, non entanto esta administración non os asume e dado o interese prioritario deste, considérase absolutamente necesario continuar coa prestación deste.

O obxecto das presentes bases é a selección de tres prazas de funcionarios/funcionarias interinos/intererinas, un/unha pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga, un/unha fisioterapeuta e un/unha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial que permitan dar continuidade ao servizo de 'Aula de Estimulación de Nenos/Nenas'.

A duración máxima non se estendería máis alá do 15 de xullo de 2019, podendo producirse con anterioridade a extinción deste por tratarse da execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes da administración e ter unha duración que se pretende facer coincidir co actual mandato corporativo, por mor de que a actual Corporación se marca como obxectivo o mantemento deste servizo non entanto non o asuma a administración autonómica, sendo incerto o dies ad quem desa eventualidade, malia que o presente mandato é ao tempo que o grupo de goberno se marca para tentar obter da administración autonómica a asunción do servizo, seguindo as xestións xa iniciadas para iso.



Concello de Cangas

As prazas convocadas se describen a continuación:

- Un/unha pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga, (GRUPO A SUBGRUPO A1, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 26. COMPLEMENTO ESPECÍFICO 2.942,77 EUROS/ANO).

- Un/unha fisioterapeuta (GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 24. COMPLEMENTO ESPECÍFICO 2.844,30 EUROS/ANO).

- Un/unha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe pedagoxía terapéutica ou educación especial (GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 24. COMPLEMENTO ESPECÍFICO 2.844,30 EUROS/ANO).

A modalidade de cobertura será a de funcionario/funcionaria interino/interina acollido a un programa de carácter temporal, modalidade prevista no artigo 10.c do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 23.c da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia e a súa retribución se corresponderá coa descrición realizada de acordo coa normativa e convenio aplicables.

O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e 24 da Lei 2/2015 realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, procedendo ao chamamento e ao nomeamento do seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.gal) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases ademais de publicarse un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



Concello de Cangas

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para seren admitidos/admitidas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.

d) Para cada unha das prazas convocadas, estar en posesión da seguinte titulación:

- PEDAGOGO/PEDAGOGA-PSICOPEDAGOGO/PSICOPEDAGOGA: licenciado/a en Pedagogía ou Psicopedagogía (ou no seu caso as titulacións equivalentes de grao).

- MESTRE/MESTRA, ESPECIALISTA EN: Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica ou Educación Especial. Así mesmo admitiranse as titulacións de: Grao de Educación Primaria coa mención en Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica e Diplomado/Diplomada en EXB ou mestre de primeiro ensino coa especialidade de Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica.

- FISIOTERAPEUTA: diplomado/diplomada en Fisioterapia (ou no seu caso a titulación equivalente de grao).



Concello de Cangas

e) *Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

f) *Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade á hora da formalización do contrato.*

g) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*

h) *En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.*

CUARTA.– SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS

*Os/As que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral de entrada do Concello de Cangas **no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia** e en horario de atención ao público.*

*A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. **No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986304850, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente**, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial marcando a referencia '**AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS**'.*



Concello de Cangas

Dita solicitude irá achegada da seguinte documentación:

- ***Fotocopia do DNI ou NIE.***
- ***Fotocopia da titulación esixida (base terceira, letra d).***
- ***Declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro central de delinquentes sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.***
- ***Toda a documentación que desexe que se lle valore na fase de concurso, de acordo co baremo especificado no punto sétimo das bases.***
- ***Proxecto descrito na fase de oposición (base sétima, letra B.a).***
- ***Xustificante acreditativo do pago das taxas (base oitava).***

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.

Os/As aspirantes quedan vinculados/as aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

As solicitudes deberán presentarse no modelo de instancia anexo ás presentes bases que inclúe a declaración pola que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Malia isto deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a presidencia da corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os/As aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución*



Concello de Cangas

estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán seren xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia de figurar incluído na lista de admitidos/admitidas será excluído/excluída inmediatamente.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos/ás aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos/das asesores/asesoras externos/externas que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso-oposición constará de dúas fases:

- 1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.*



Concello de Cangas

2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

- *Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.*
- *Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións públicas: 1,00 punto por ano traballado.*
- *Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.*

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do/da solicitante. Para o caso dos/as traballadores/traballadoras autónomos/autónomas alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia).

Ata un máximo de 20 puntos.

b) FORMACIÓN PROFESIONAL

Cursos en materias propias da praza e posto

Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar:

- *Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos.*
- *Por cada curso de duración superior a 25 horas e ata 50 horas 0,05 puntos.*
- *Por cada curso de duración superior a 50 horas e ata 100 horas 0,10 puntos.*
- *Por cada curso de duración superior a 100 horas e ata 250 horas 0,25 puntos.*
- *Por cada curso de duración superior a 250 horas e ata 500 horas 0,75 puntos.*



Concello de Cangas

- Por cada curso de duración superior a 500 horas 1 punto.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral se non se especifica de xeito claro a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos.

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

a) PROXECTO

Consistirá en realizar un 'Plan de intervención para a estimulación dos nenos/as con dificultades, por áreas de actuación: PEDAGOXÍA - PSICOPEDAGOXÍA /FISIOTERAPIA/ EDUCACIÓN ESPECIAL - AUDICIÓN E LINGUAXE - PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA ', segundo corresponda.

O proxecto deberá ser presentado tendo como data límite a de presentación de instancias especificada na base cuarta e deberá ser exposto perante o tribunal na data, hora e lugar que se indiquen na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos. O tribunal trala exposición poderá efectuar preguntas relativas ao contido do proxecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

I: ELABORACIÓN DO PROXECTO

- 1. ANTECEDENTES (contextualización teórica e práctica)**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. METODOLOXÍA E PLAN DE TRABALLO (axeitada aos obxectivos plantexados)**
- 4. VIABILIDADE DO PROXECTO**
- 5. PLAN DE AVALIACIÓN E DIFUSIÓN**



Concello de Cangas

II: DEFENSA DO PROXECTO

A puntuación máxima será de 58 puntos, sendo necesario obter 29 puntos para superar a proba.

b) EXAME DE GALEGO

Os/As aspirantes que teñan superado a proba anterior serán convocados no día, hora e lugar que sinale o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 2 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega–nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento. Os/As aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 2 puntos. O certificado será presentado ao tribunal con antelación á realización da proba (acreditarse coa fotocopia compulsada dos títulos).

OITAVA. – DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias, achegándose o xustificante do ingreso xunto coa instancia.

Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar é:

- Pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga: vinte e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (25,56 €).*
- Fisioterapeuta: dezasete euros con catro céntimos (17,04 €).*
- Mestre/a: dezasete euros con catro céntimos (17,04 €).*

O pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello.

NOVENA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas na fase concurso e na fase oposición.



Concello de Cangas

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluíra os aspirantes propostos para seren nomeados/nomeadas funcionarios/funcionarias interinos/interinas e os/as propostos/propostas para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá ao nomeamento como funcionarios/funcionarias interinos/interinas dos/das candidatos/candidatas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que presenten a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán seren impugnados polos interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro.



Concello de Cangas

A N E X O II

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DO SERVIZO AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS, CURSO 2016/17

PRAZA:

- PEDAGOGO/PEDAGOGA –PSICOPEDAGOGO/PSICOPEDAGOGA*
- FISIOTERAPEUTA*
- MESTRE/MESTRA*

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos/admitidas no proceso selectivo da Aula de estimulación de Nenos/Nenas para o curso 2016/17 convocado polo Concello de Cangas.

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que còmpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Comprometéndome a **achegar a certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais, previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.***

Cangas, de de 2016.

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.*
- Fotocopia do DNI.*
- Fotocopia da titulación esixida (base terceira letra d).*
- Proxecto para a fase de oposición (base sétima, letra B.a).*
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
- No seu caso, documentación acreditativa dos méritos que desexe que se lle valoren na fase de concurso, de acordo co baremo especificado na base sétima.*
- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.*

ALCALDÍA DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a aprobación de bases para a contratación de persoal necesario para o funcionamento da aula de estimulación de nenos/nenas para o curso 2016/2017.

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO 2015/2017, PRIMEIRO SEMESTRE

Dase conta de proposta do día 14.07.2016 da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educataivos do Concello 2015/2017, primeiro semestre, que di o seguinte:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO 2015-2017, PRIMEIRO SEMESTRE 2016

De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida a este Concello ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello, 2015-2017 e de conformidade coa cláusula terceira, a Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret, mediante unha achega económica de oitenta mil cen euros (80.100,00 €), dividida en tres anualidades e importes; ano 2015: doce mil trescentos setenta e cinco euros (12.375,00 €); ano 2016: corenta mil cincuenta euros (40.050,00 €); e ano 2007: vinte e sete mil seiscentos setenta e cinco euros (27.675,00 €).

De conformidade coa certificación da Intervención do gasto total contabilizado, aprobado e pagado.

De conformidade coa memoria e informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, esta Alcaldía, propón á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a este Concello mediante o convenio de colaboración para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello 2015-2017, correspondente aos*



Concello de Cangas

meses de decembro de 2015 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2016, polo importe total de vinte e sete mil cincocentos setenta e catro euros con vinte e nove céntimos (27.574,29 €) de conformidade coa documentación que consta no expediente, que desglosada por centro resulta o seguinte:

- Colexio Público de Nazaret: 16.283,83 euros.
- Colexio Público do Hío: 2.879,77 euros.
- Colexio Público de Espiñeira: 3.000,95 euros.
- Colexio Público da Rúa: 5.409,74 euros.

Cumpríuse coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Tomouse razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e os fondos aplicáronse a tal efecto de conformidade co seguinte desglose:

- Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada ascenden a dezaseis mil douscentos oitenta e tres euros con oitenta e tres céntimos (16.283,83 €), segundo o seguinte desglose no centro escolar **CEIP Nazaret**:

Preceptor e NIF	Nº factura, data e concepto	Órgano e data aprobación factura	Importe líquido aprobado e pagado	Data e forma de pagamento
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120269256 12.01.2016 Becas decembro 2015	Resolución Alcaldía 10.02.2016	852,38	Transferencia bancaria 22.02.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120269264 12.01.2016 Comidas- decembro	Resolución Alcaldía 10.02.2016	944,10	Transferencia bancaria 22.02.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	31202274002 08.02.2016 Becas-xaneiro	Resolución Alcaldía 23.02.2016	1.109,33	Transferencia bancaria 03.03.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120274001 08.02.2016 Comidas-xaneiro	Resolución Alcaldía 23.02.2016	1.226,70	Transferencia bancaria 03.03.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120278498 08.03.2016 Becas-febreiro	Resolución Alcaldía 04.04.2016	1.095,75	Transferencia bancaria 15.04.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120278499 08.03.2016 Comidas-febreiro	Resolución Alcaldía 04.04.2016	791,10	Transferencia bancaria 15.04.2016
Serunión .S.A.U. A5937657A	3120282199 31.03.2016	Resolución Alcaldía	451,80	Transferencia bancaria



Concello de Cangas

	<i>Complementaria comidas febreiro</i>	<i>09.05.2016</i>		<i>19.05.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281697 31.03.2016 Becas-marzo</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 09.05.2016</i>	<i>972,96</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281698 31.03.2016 Comidas-marzo</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 09.05.2016</i>	<i>1.125,90</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286635 30.04.2016 Becas-abril</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 26.05.2016</i>	<i>1.355,04</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286636 30.04.2016 Comidas-abril</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 26.05.2016</i>	<i>1.519,20</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289895 31.05.2016 Becas-maio</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 22.06.2016</i>	<i>1.297,76</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289896 31.05.2016 Comidas-maio</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 22.06.2016</i>	<i>1.464,30</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293825 27.06.2016 Becas-xu3o</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 07.07.2016</i>	<i>946,21</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293826 27.06.2016 Comidas-xu3o</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 07.07.2016</i>	<i>1.131,30</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016</i>

- *Os gastos totais soportados por esta entidade imputable 3 actuaci3n subvencionada ascenden a dous mil oitocentos setenta e nove euros con setenta e sete c3ntimos (2.879,77 €) segundo o seguinte desglose no centro escolar **CEIP do H3O**:*

Preceptor e NIF	N3 factura, data e concepto	3rgano e data aprobaci3n factura	Importe l3quido aprobado e pagado	Data e forma de pagamento
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269257 12.01.2016 Becas-dецembro</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 10.02.2016</i>	<i>112,75</i>	<i>Transferencia bancaria 22.02.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269265 12.01.2016 Comidas-dецembro</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 10.02.2016</i>	<i>195,30</i>	<i>Transferencia bancaria 22.02.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274023 15.02.2016 Becas-xaneiro</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a 23.02.2016</i>	<i>153,47</i>	<i>Transferencia bancaria 03.03.2016</i>
<i>Seruni3n .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274005 08.02.2016</i>	<i>Resoluci3n Alcald3a</i>	<i>249,30</i>	<i>Transferencia bancaria</i>



Concello de Cangas

	<i>Comidas-xaneiro</i>	<i>23.02.2016</i>		<i>03.03.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278500 08.03.2016 Becas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04.04/2016</i>	<i>161,30</i>	<i>Transferencia bancaria 15.04.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278501 08.03.2016 Comidas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04.04.2016</i>	<i>200,70</i>	<i>Transferencia bancaria 15.04.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120282202 31.03.2016 Complementaria comidas febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>60,30</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281699 31.03.2016 Becas-marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>137,81</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281700 31.03.2016 Comidas-marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>251,10</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286631 30.04.2016 Becas -abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26.05.2016</i>	<i>185,31</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286632 30.04.2016 Comidas -abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26.05.2016</i>	<i>326,70</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289898 31.05.2016 Becas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22.06.2015</i>	<i>180,61</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289899 31.05.2016 Comida-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22.06.2016</i>	<i>306,00</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293819 27.06.2016 Becas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 07.07.2016</i>	<i>140,42</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293820 27.06.2016</i>	<i>Resolución Alcaldía 07.07.2016</i>	<i>218,70</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016</i>

- *Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada ascenden a tres mil euros con noventa e cinco céntimos (3.000,95 €), segundo o seguinte desglose no centro escolar **CEIP ESPIÑEIRA**:*

<i>Preceptor e NIF</i>	<i>Nº factura, data e concepto</i>	<i>Órgano e data aprobación factura</i>	<i>Importe líquido aprobado e pagado</i>	<i>Data e forma de pagamento</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269260 12.01.2016 Becas-diciembre 2015</i>	<i>Resolución Alcaldía 10/02/2016</i>	<i>129,84</i>	<i>Transferencia bancaria 22/02/2016</i>



Concello de Cangas

<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269266 12.01.2016 Comidas-dецembro 2015</i>	<i>Resolución Alcaldía 10/02/2016</i>	<i>213,30</i>	<i>Transferencia bancaria 22/02/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274008 08.02.2016 Becas-xaneiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 23/02/2016</i>	<i>169,37</i>	<i>Transferencia bancaria 03/03/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274007 08.02.2016 Comidas-xaneiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 23/02/2016</i>	<i>252,00</i>	<i>Transferencia bancaria 03/03/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278504 08.03.2016 Becas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04/04/2016</i>	<i>181,64</i>	<i>Transferencia bancaria 15/04/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278505 08.03.2016 Comidas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04/04/2016</i>	<i>201,60</i>	<i>Transferencia bancaria 15/04/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120282204 31.03.2016 Complementaria comidas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 09/05/2016</i>	<i>70,20</i>	<i>Transferencia bancaria 19/05/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281703 31.03.2016 Becas-marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09/05/2016</i>	<i>164,94</i>	<i>Transferencia bancaria 19/05/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281704 31.03.2016 Comidas-marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09/05/2016</i>	<i>245,70</i>	<i>Transferencia bancaria 19/05/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286633 30.04.2016 Becas-abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26/05/2016</i>	<i>213,22</i>	<i>Transferencia bancaria 06/06/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286634 30.04.2016 Comidas-abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26/05/2016</i>	<i>311,40</i>	<i>Transferencia bancaria 06/06/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289904 30.05.2016 Becas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22/06/2016</i>	<i>202,26</i>	<i>Transferencia bancaria 28/06/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289905 30.05.2016 Comidas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22/06/2016</i>	<i>307,80</i>	<i>Transferencia bancaria 28/06/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>312029321 27.06.2016 Becas-xuño</i>	<i>Resolución Alcaldía 07/07'0116</i>	<i>134,28</i>	<i>Transferencia bancaria 19/07/2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293822 27.06.2016 Comidas-xuño</i>	<i>Resolución Alcaldía 07/07/2016</i>	<i>203,40</i>	<i>Transferencia bancaria 19/07/2016</i>

- *Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada ascenden a cinco mil catrocentos nove euros con setenta e catro céntimos (5.409,74 €), segundo o seguinte desglose no centro escolar **CEIP A RÚA:***



Concello de Cangas

Preceptor e NIF	Nº factura, data e concepto	Órgano e data aprobación factura	Importe líquido aprobado e pagado	Data e forma de pagamento
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269261 12.01.2016 Becas-dецembro</i>	<i>Resolución Alcaldía 10.02.2016</i>	<i>68,64</i>	<i>Transferencia bancaria 22.02.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120269263 12.01.2016 Comidas- decembro</i>	<i>Resolución Alcaldía 10.02.2016</i>	<i>478,80</i>	<i>Transferencia bancaria 22.02.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274004 08.02.2016 Becas-xaneiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 23.02.2016</i>	<i>91,74</i>	<i>Transferencia bancaria 03.03.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120274003 08.02.2016 Comidas-xaneiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 23.02.2016</i>	<i>671,40</i>	<i>Transferencia bancaria 03.03.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278502 08.03.2016 Becas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04.04.2016</i>	<i>140,81</i>	<i>Transferencia bancaria 15.04.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120278503 08.03.2016 Comidas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 04.04.2016</i>	<i>654,30</i>	<i>Transferencia bancaria 15.04.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120282236 31.03.2016 Complementaria comidas-febreiro</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>57,60</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281701 31.03.2016 Becas- marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>125,93</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120281702 31.03.2016 Comidas marzo</i>	<i>Resolución Alcaldía 09.05.2016</i>	<i>629,10</i>	<i>Transferencia bancaria 19.05.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286629 30.04.2016 Becas-abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26.05.2016</i>	<i>152,56</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120286630 30.04.2016 Comidas-abril</i>	<i>Resolución Alcaldía 26.05.2016</i>	<i>773,10</i>	<i>Transferencia bancaria 06.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289902 31.05.2016 Becas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22.06.2016</i>	<i>163,12</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120289903 31.05.2016 Comidas-maio</i>	<i>Resolución Alcaldía 22.06.2016</i>	<i>724,50</i>	<i>Transferencia bancaria 28.06.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293823 27.06.2016 Becas-xuño</i>	<i>Resolución Alcaldía 07.07.2016</i>	<i>125,54</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016</i>
<i>Serunión .S.A.U. A5937657A</i>	<i>3120293824 27.06.2016 Comidas-xuño</i>	<i>Resolución Alcaldía 07.07.2016</i>	<i>552,60</i>	<i>Transferencia bancaria 19.07.2016".</i>



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educataivos do Concello 2015/2017, primeiro semestre.

ENSINO E DEPORTE

9º.- SOLICITUDE DE "SPORTIUM CANGAS" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A ORGANIZACIÓN DO TORNEO DE FÚTBOL PRAIA EN RODEIRA

Examinada a solicitude presentada en data 19.07.2016 por R.M.P., con enderezo en rúa Álvaro Guitián, nº 10-Cangas, na que demanda autorización municipal e do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, para a organización do Torneo de Fútbol Praia en Rodeira, para os vindeiros días 13 e 14 de agosto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude realizada polo Sr. M.P. para a organización do Torneo de Fútbol Praia en Rodeira, para os vindeiros días 13 e 14 de agosto, por non ser a situación idónea a solicitada na praia de Rodeira.

SEGUNDO.- Polo concelleiro delegado de Deporte deberase delimitar a zona a realizar o evento de referencia.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

10º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA-2016

Dase conta de Resolución do 13 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se concede ao Concello de Cangas unha subvención por importe de mil trescentos dezaioito euros (1.318,00 €) para programas de dinamización lingüística-2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión de subvención pola Secretaría Xeral de Política



Concello de Cangas

Lingüística, por importe de mil trescentos dezaioito euros (1.318,00 €) para programas de dinamización lingüística-2016.

11º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA

Dase conta de escrito do 30.06.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, no que comunica que a Xunta de Goberno na sesión do 23 de xuño de 2016, aprobou a proposta de concesión de subvencións para a dinamización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, con cargo á aplicación 16/330.3260.462.04 do vixente orzamento provincial, correspondéndolle ao Concello de Cangas a cantidade de cinco mil cincocentos cincuenta euros con dezasete céntimos (5.550,17 €) para "PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra polo importe de cinco mil cincocentos cincuenta euros con dezasete céntimos (5.550,17 €) para "PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA".

PERSOAL

12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SELECCIÓN DE 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA DO SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL-TEMPADA 2016

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 21.07.2016 referente ás bases de selección de 3 condutores/condutoras para o vehículo motobomba do Servizo de Brigada Forestal-tempada 2016, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A SELECCIÓN DE 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA DO SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL-TEMPADA 2016

Tendo os concellos atribuídas competencias en materia de protección do medio rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases de Réxime local, trala reforma



Concello de Cangas

introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Visto que a tempada de verán e polo tanto a de maior risco de incendio, xa está iniciada e dado que o Concello ven de subscribir un convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, cómpre proceder a adoptar con urxencia as disposicións oportunas para manter a operatividade do vehículo motobomba municipal obxecto do citado convenio.

Para tal fin esta Alcaldía, ao entender que se trata dun caso excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, nun servizo público esencial como é o da seguridade fronte aos incendios forestais, por providencia de data 15.07.2016, dispuxo o inicio do expediente dirixido á contratación dos tres condutores/condutoras/condutoras que se consideran precisos para dar cobertura o mentado vehículo, motivo polo que elevo á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de tres condutores/condutoras/condutoras, dentro do marco do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Bases que achegan como anexo á presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal cunha duración de dous meses que se estenderá desde a data da súa sinatura, en réxime de xornada completa e coas retribucións correspondentes a súa categoría.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas”.

A N E X O

"BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA DO SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL TEMPORADA 2016.



Concello de Cangas

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 3 condutores/condutoras para vehículo motobomba para a brigada municipal de prevención de incendios forestais, dentro do marco do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

*A contratación será de carácter laboral e temporal, cunha **duración máxima de dous meses** en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual de 1147,75 €. A duración do contrato contarase a partir da data da súa sinatura. A duración do contrato poderá ser reducida por debaixo dos dous meses máximos para adaptala á do convenio de colaboración.*

Efectuada a selección dos/das aspirantes, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato temporal por circunstancias da produción.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.gal) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases.

De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.



Concello de Cangas

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezoito anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, FP1 ou equivalente.*
- e) Estar en posesión do carné C en vigor.*
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- h) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame.*

CUARTA.- DEREITOS DE EXAME

*Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son **8,52 €.** (**deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello**)*

QUINTA.- SOLICITUDES E MODO DE PRESENTACIÓN DESTAS

*Os/As que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral de entrada do Concello de Cangas **no prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria** e en horario de atención ao público de 9:30h a 13:30h. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial coa referencia **PRAZA CONDUTOR/CONDUTORA MOTOBOMBA** e incluíndo nome, apelidos, domicilio, a efectos de notificación e teléfono.*



Concello de Cangas

Este modelo inclúe a declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

*Xunto coa **instancia no modelo oficial** presentarase o **resgardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia cotexada do DNI.***

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

Aqueles/Aquelas aspirantes que queiran quedar exentos/exentas da proba de galego presentarán ademais a documentación que segundo a base relativa a esta proba dá dereito a esta exención.

Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.

Os/As aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.– ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os/As aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior.*

O feito de figurar incluído na relación de admitidos/admitidas non prexulga que se lle recoñeza aos/ás interesados/interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán seren xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.



Concello de Cangas

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A composición efectiva do tribunal, así como a data de realización dos exercicios farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos/das asesores/asesoras externos/externas que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

PROBA PRÁCTICA

*Os/As aspirantes a condutor/conductora quedan convocados/convocadas para a realización da **proba práctica, de carácter eliminatorio** no día e hora que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas polo tribunal se procederá a realizar un **chamamento único**, para a realización da proba, na que se valorarán a experiencia e correcto manexo e manobras, nas condicións esixidas polo tribunal do camión motobomba municipal e accesorios deste, así como as condicións físicas axeitadas dos/das aspirantes. O tribunal poderá formular preguntas relativas ao exercicio das funcións como condutor/conductora de camión motobomba. A puntuación máxima na proba práctica será de 90 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada esta.*



Concello de Cangas

PROBA DE COÑECECIMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Os/As aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinale o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución castelán-galego e/ou galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega–nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación. Os/As aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 10 puntos. O certificado será presentado ao tribunal con antelación á realización da proba.

NOVENA.- CUALIFICACIÓNS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase mediante a realización dunha serie de preguntas oralmente ou por escrito en relación coas funcións do posto a desempeñar entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os/as aspirantes propostos para ser contratados e os propostos para integrar o listado de substitucións que estará constituído por aqueles/aquelas aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/das candidatos/das que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que presenten a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas respecto aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria e para o bo desenvolvemento do proceso.



Concello de Cangas

UNDÉCIMA.– NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán seren impugnados polos/polas interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime xurídico das administracións óúblicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, de 26 de novembro”.

ANEXO I

"INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE CONDUTOR/CONDUTORA CAMIÓN MOTOBOMBA PARA O CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA para o ano 2016 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2016

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.
- Fotocopia cotexada do D.N.I.
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.

DOCUMENTACIÓN OPCIONAL:



Concello de Cangas

Certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación.

ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía referente ás bases de selección de 3 condutores/conductoras para o vehículo motobomba do Servizo de Brigada Forestal-tempada 2016.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente